

Conxunto de tres canastros

030029

Datos de Localización

Canastro

Nomenclator:	3206202
Coord. UTM:	X: 59233200 Y: 465098900
Concello:	Porqueira
Parroquia:	PARADELA DE ABELEDA
Lugar:	Paradela de Abeleda
Tipoloxía:	Arquitectura Civil
Tipo:	Construcións de Almacenamento
Subtipo:	Canastro



Denominación: Conxunto de tres canastros

Etapa Histórica: Idade Contemporánea

Estilo relevante: Popular

Outros Estilos:

Descrición:

Conxunto de tres canastros de madeira, dous deles de similar estrutura e un terceiro de menor tamaño. Este último consta de catro pés sobre os que repousan outros tantos tornarratos de forma circular. Este entramado serve de soporte á grade, así como ó cerce da cámara que se realiza mediante doelas colocadas en posición horizontal, e unidas entre sí a través de faixas verticais interiores. Este procedemento é o empregado nos lados costais e nun dos lados penais, o outro resérvase para a porta de entrada. As padieiras están reforzadas por dúas columnas de madeira no punto central do tullo. Cuberta a dúas augas con tella romana. Os outros dous bens responden á mesma tipoloxía. Como soporte empregan tres pares de columnas sobre as que descansan tres mesas rectangulares. Os corpos dos canastros péchanse a través de doelas colocadas en posición vertical e unidas a través de faixas. Nun dos casos a madeira preséntase en cor natural, no outro aparece pintada de cor marrón. As portas de acceso en ambos casos constan de dúas follas superpostas, a inferior de maior envergadura cá superior. Nun dos canastros a porta ten forma de arco rebaixado. Nos dous casos se cubren a dúas augas e mediante tella romana. Para salvar o desnivel da porta empréganse unhas escaleiras exentas de pedra.

Características Construtivas

Plantas:

Edif. Anexas:

Mat. Fachada:

Mat. Estrutura: Madeira e granito

Mat. Cuberta: Tella

Elementos singulare

Construtivos:

Decorativos:

Delimitación do Ben e da contorna

Situación: Outros
 Area de Protección: 50m.

Protección

Tipo de ben: BIC
 Proposta de tipo de ben:
 Estado de Tramitación: Declarado
 Nivel de Protección Arq.: Integral
 Proposta Nivel de Protección Arq.
 Grao de Protección Arq.: ----
 Proposta Grao de Protección Arq.: ----
 Xustificación da Protección: É declarado Ben de Interese Cultural con arranxo ó Decreto 449 / 1973 do Ministerio de Educación y Ciencia.
 Titularidade
 Polígono:
 Parcela:

Conservación-Intervención

Estado de Conservació Bo
 Uso Actual: Almacenamento
 Alteracións Morfolóxicas
 Tipo:
 Data:
 Descrición:
 Proxecto:
 Axentes:
 Observacións: Os dous de maior tamaño atópanse nun óptimo estado de conservación, no caso restante a conservación é regular.

Bens Mobles





